

ANÉCDOTAS. XEITOS DE PENSAR E DE RAZONAR NO POBO DE ESCUDEIROS

1- AMIGOS DO ALLEO

A) O roubo da tenda do Gavilán de Gomesende.- Este feito tivo lugar un pouco antes da República. Os ladróns, tras o roubo da tenda do Gavilán de Gomesende, confundíronse e en vez de fuxir pola Chancela, tal como pretendían, viñeron por Escudeiros e baixaron pola Firga

Seguindo aos ladróns viña a Garda Civil que lle tirou dous tiros en Escudeiros. O señor Manuel, que estaba no corredor, aconsellou á Benemérita: -Miren para riba. Non tiren aquí que é barrote-

B) O roubo dun pobre.- O dito di que “o que rouba a un ladrón ten cen anos de perdón”, pero non hai dito para o roubo dos pobres. O Fermín de Maceda era un “hemanos” que andaba a pedir e unha mala persoa de Poulo quitoulle as calderillas das esmolos. O mendigo chegou á Tapadiña amedrentado e nervioso. Denunciouse o feito ante a Garda Civil que diu co ladrón e repúxolle o que lle quitara.

C) O roubo da tenda da Mileira.-Uns xitanos roubáronlle o burro ao Salvador Manchica de Quinta e viñeron coa besta para Escudeiros. De camiño aprovisionáronse dun croio grande na Nogueira. Chegados ao pobo escondéronse no atrio. Coa noite pecharon a tenda e o encargado das luces, o Xosé Copelo, apagounas. Aproveitando a escuridade os ladróns saíron do camposanto e , cunha panca de madeira e o croio, forzaron a porta. Colleron roupa (calcetíns, camisetas e outras prendas de uso interior), botellas e caixas de mercancías e cargaron o burro. Os que espavimentaron ao pobo, tras decatarse do que pasaba, foron o Nabor e a Pepa que estaban as súas cousas.Os xitanos fuxiron co burro cargado. Escoitadas as voces o Don Antonio saiu ao corredor coa pistola, pero á hora de disparar a arma encasquillouselle (Máis tarde arrenxoulla o Ernesto). O Guillermo da Amparo saiu coa escopeta e tiroulle dous tiros, pero cos nervios do momento,, a munición foiselle aos bastidores.

Para perseguir aos furtadores organizáronse patrullas no pobo, algunha chegou ata Santo Tomé das Olas. Os xitanos ao verse acosados deixaron o burro nunha toxeira de Vilar de Vacas .Unha cuadrilla de persiguidores atopou ao animal. Recuperado o botín e de volta a casa, alguén insinuou

darlle consumo a unha botella de Sansón que estaba encetada e viña na carga. O señor Pepe Maruxo aconsellou ao personal: -“Non lle toques que pode estar envelenada”.

Todo esto aconteceu o ano en que o Poulino marchara a Barcelona para coller o barco cara Venezuela. Transcorria a década dos cincuenta.

2 BOS DÍAS DON ANTONIO, BOS DIAS SEÑOR GERARDO

O Don Antonio era funcionario municipal, non por oposición, senón por méritos no réxime. Fixera a mili de alférez provisional e tocálle facer a Guerra.

O Gerardo viñera de Santiago e era un técnico encargado nas minas. Casara en Escudeiros coa M^ñ Esther, pero o destino fixo que perdera a súa muller no alumbramento duplo do seu primeiro embarazo. O Don Perfeito non puido salvara naquel día nefasto de marzo de 1.952.

Da Arxentina viñera un tal José, irmao da Pepa da Canle, tateaba algo, pero era moi educado: Cando viña o Don Antonio, quitaba a gorra e saudábo: - “Buenos días Don Antonio”- O escribano municipal enchía a fachenda...

A mesma hora ía para as minas o Gerardo e o José, tamén, o saudaba quitando a gorra :”Buenos días señor Gerardo”.

A diferenza de trato levou a algún veciño a preguntarlle o por que da distinción. O señor José explicouse: - Allá en la Argentina don es cualquiera, señor es un señor...

3 AS DESGRAZAS

As desgrazas son infortunios, acontecementos adversos, desventuras; que causan prexuízos. As peores son as que teñen como base ás persoas.

En Escudeiros o *lume* era considerado coma un elemento vivo: Morreu o lume, aviva o lume. Este elemento, de cando en vez, xóganos malas pasadas ós humanos como lle xogou a señora Rosalía, que morreu queimada na Firga, ou a señora Blasinda que lle prendeu o lume na roupa na cociña da Tapadiña o 11 de Decembro de 1.960, ou ao señor Aurelio, pai do Don Pepe, que se queimou con auga quente da cintura para baixo; pero o máis tráxico foi a explosión da mina das Figueiras do 18 de febrero de 1.949 ás trece horas. Traballaban dentro da mina unhas 70 personas. O estoupido

circunscribeuse a entrada da galería e morreron tres persoas: Modesto Gil (que era o pai do Euxenio da María é o avó do Xoán de Vergazas), Antonio Vaqueiro de Cerdal e o Roxo de Louredo. Algúns restos dos mortos apareceron esparcidos a máis de 200 metros de distancia.

A *auga* controlada é considerada beneficiosa, pero a descontrolada pode traer desgrazas. O acontecemento máis comentado no pobo foi a gran riada do Arnoia do ano de 1.945, na véspera do Carme, que arrasou as pontes da Chancela, da Penediña e a Colgante e afogou a un muiñeiro e a filla que estaban nos muíños da Pontenova; a filla apareceu moitos quilómetros, río abaixo, á altura da Chancela, a carón dun amieiro, estaba núa de todo, agás un zapato no seu pé dereito. Levárona para Vergazas onde estivo de corpo presente ata que a trasladaron ao seu pobo de orixe.

As *máquinas* apareceron coa modernidade e relevaron moito traballo manual dándolle máis tempo libre ao home, acortaron espazos e gañaron tempos. A enerxía humana e animal, paseniñamente, foise substituíndo pola petrolífera e a eléctrica. O home pasou ao control, a adaptación e o dominio técnico... Pero estas máquinas deixaron lembranzas de dor no pobo como o accidente ferroviario que segou a vida do Paco, vía Vigo, a caída do tractor do Alexos que o malferiu ou o corte mortal da motoserra na iugular do Serxio que o deixou sen vida no seu patio.

As *caídas*, tamén, diron de si no pobo: O Antonio da Cristina quedou atuado na tolva do Valdaspe, salvouse grazas aos berros do Sr. Arturo e a pronta aparición dos compañeiros, o Poulino da María viuse mal cando quedou semienterrado nos lodos do Valdaspe, o Xosé Anxelo rompeu a tibia e o peroné nunha caída da mula nos Castros de Toén. Tivo moita sorte o Don Aser, profesor de grego, que veraneaba na casa dos Anxelos que pese a cair desde a cima da cerdeira do Valiño, do Fermín, só sufriu contusións, quedando a centímetros dun poste de pedra do Arturo. De milagrosa pode considerarse a caída do Moisés das Carballeiras ao Arnoia desde un penedo ben alto, sito encima da canle da presa do Peña, magouse, rompeu algún oso, pero non foi a guerra. Na súa lembranza queda o topónimo "A peneda do Moisés".

Pequenos accidentes nas minas estaban na orde do día por lesións variadas: fracturas de dedos, corpos extraños nos ollos, feridas cortantes, feridas punzantes... Aqueles mineiros que no 1.953 tiñan un salario de 15,22 pesetas, aínda se acordan como o Delmiro morrera de silicóse con 34 anos ou como o señor Pibe morrera tras correselle un barranco...

O Pepe do Serafín casou na parroquia de Poulo. Convidou á voda á maioría da mocidade do pobo a que se uniu, tras convite, o Raña. A mocidade entraxada e agaravatada viu como o Raña montou no seu burro aparelado con manta para a ocasión. A cadeliña subiu ao seu carón e o animal, cal rapaz pequeno, xogaba diante do amo ao equilibrio nos desplazamentos da besta. Unha estampa familiar que mesmo deixou imaxe nunha foto para a ocasión.

O Pablito desplazábase na súa moto de pouca cilindrada para os viaxes cortos ós outros pobos. Na parroquia había división de opinión; uns criticaban as autoridades por lle ter dado permiso para conducir a moto e outros aceptábano con normalidade. O rapaz pilotaba con pericia o vehículo de dúas rodas e cando cruzaba con alguén baixaba a cabeza e a espalda agarrando forte o manillar aceleraba, como buscando o aprobado. Cando viaxaba a nai, para ir ao médico, banco ou facer merca; o rapaz trocaba o vehículo. Desplazábase en tractor. Na Caixa do mesmo colocaba un sofá estampado no que se sentaba a proxenitora. O condutor ía máis a modo, sobre todo cando orballaba, porque a nai abría o paraugas.

O Rouco, o can do Venino, só lle faltaba falar. Era mouro, pacífico, acompañante e xoguetón, da raza dos "labradores"; os cans de cegos que conducían aos invidentes. Un día foi ata Poulo acompañando e ao chegar deitouse na estrada. Chegou a Garda Civil no seu coche e aparcou na beira da carreteira e tras baixarse preguntou polo dono do can para que o quitase da vía de xeito que evitase un posible accidente. A parella da Benemérita diu co eventual amo e foi sinalarlle onde estaba o cánido, pero ali, como por arte de maxia, non había nada máis que o pavimento. Cando os axentes montaron no coche para marchar, atoparon na parte de atrás do mesmo, plácidamente deitado ao animal. Non deixara mal ao seu amo, como se houbera, contra dicio a Garda Civil. Convidado a baixar o can obedeceu sen ladrar.

En plena Guerra Civil do 1.936, os falanxistas reclamáronlle aos que tiñan máis de dúas vacas a entrega dunha para a causa da Cruzada. Entre os chamados ao Viso, lugar de entrega dos animais, estaba o señor Antonio Cerillas que acudiu sen o animal e cunha cordela anoada nos petos. Cando foi chamado para que presentara o animal el quitou a cordela e díxolles: O animal non puido vir, pero anoten e colocando as mans nos nós pasoulles a

indicar – “Tanto de rabo...”, Tanto das rens...”, “tanto de perna...” “tanto de corno”... “Res indicata”.

Os camisa azuis pensaron que estaba tolo e mandárono marchar. De volta á casa o señor Antonio matinaba no ben que derivara a traxectoria das frechas falanxistas, namentras na corte a vaca rumiaba en liberdade.

6 ... Y LOS ALMENDROS LLORABAN

O Cesáreo era un home solteiro, pero cobizado. O bo capital, os piñeiros máis grosos nos montes e un parolar imaxinativo que detía ao tempo; eran pluses do mozo serodio da familia dos Peregrinos con antecedentes en Soutomel na Bola.

En Escudeiros coñecíaselle e era manifesta a relación coa Cristina Rombera, pero os aconteceres do destino fixeron que aparecese cunha relación nova coa Remedios, muller solteira, da familia dos Adrianos. El ,desde a informalidade, levaba ben o dobre querer, nembargantes as mulleres non.

A Remedios observaba, día a día, como o mozo non daba pasos para a voda. As senradas sensuais non decidían ao Cesáreo. Teimou que a culpa era da Cristina. Segundo a segundo rumiaba máis esta culpabilidade.

Un día na Veiga de Abaixo, ao ver pasar a Cristina e o Cesáreo, a Remedios nublouselle a vista e avalanzouse sobre a cabeleira da Cristina. Montose una pelexa seria: Arrincábanse pelos, valían os mordiscos e rabuñaduras e case todo... Namentras esto acontecía, subido a un altiño , sen tomar parte na refrega e ollando o espectáculo; o Cesáreo cantaba... “Y los almendros lloraban”...

7 TODO PARA...

O Reluces era home de agulla, que como xastre usaba de xeito aceptable, pero a que millor utilizaba era a de marear, todo un prodixio no picor ou sabor acedo da broma.

Fixo moitas trasnadas: A suposta voda no Betanzos con 300 invitados que só acadou o desenlace unha semana antes do evento cando o propietario do

restaurante lle preguntou en que ía transportar tanta xente e el contestoulle –en burro-, a chaqueta de encarga que lle fixeron os país duns mozotes de Escudeiros que, cando foron buscar a confección, aínda estaba sen rematar; o xastre díxolles que só lle faltaba saber se a querían con música o sen música. –Ides preguntádeslles os vosos país e de volta xa levades.

Daba, pero de cando en vez , tamén, recibía. Un día de inverno viña de Cerdal co seu 600, aínda a pista de Escudeiros estaba sen asfaltar, e atopou ao Pepe da Olivia. De súpeto desconectou o contacto e parou o coche. Chamou polo mozo e pediulle que lle empuxara o vehículo que se lle averiara. O mozote, desde o cruce das Pistas ata a Levada, empurra que te empurra. A fronte suorosa, os zapatos enlameados e a roupa salpicada. Para máis inri, o xastre de cando en vez pisaba o freno de pé ou poñíalle o de man. Non houbo recompensa nin agradecemento para tanto esforzó. Chegados á fonte da Levada o sastre encendeu o contacto e encarou para Grixó sen decirlle nada .

Pasado un tempo o mozo encargoulle una chaqueta, pero non lla pagou. Cando o sastre lle requería o importe o Pepe contestáballe:- “Todo para de circular, ata os cartos”. O refraneiro recolle “Alfaiate do vío vío : que cose de balde e máis pon o fío”, alfaiate das mentiras que todo pano fai trizas”. Non sabemos se lle chegou a pagar a chaqueta ou o xastre quedou deschaquetado.

8 MEDO AS TORMENTAS, PERO MOITA DIPLOMACIA

O señor Manuel Rombero tiña tres fillos : A Gloria, a Cristina e o Manuel.O home tíñalle moito medo as tormentas. Cando tronaba metíase nunha cuba grande e chamaba ao seu fillo pequeno, Manoliño para que a golpeará: - “Pégalle Manoliño pégalle que aínda oio os tronos”-O rapaz a cada lostregada unha zumbada, e así ata que se alonxaba a tormenta.

A súa filla Gloria moceaba co Casimiro, irmán dun crego, e adiantaron o embarazo. O Casimiro cumpridor, foi pedila moza. A resposta do señor Manuel foi: “Te la doy porque eres hermano de un salvador de almas”

9 O SEXO A IGREXA E OS CREGOS

O sexo é a condición humana que distingue aos machos das femias. Deriva do latín SEXUS, por SECTUS “sección, separación”. Parece que a palabra usouna por primeira vez Cicerón en DE INVENTIONE.

Polo proceso de selección sexual créase a variación da descendencia, propáganse caracteres ventaxosos e elimínanse rasgos desfavorables. Todas especies de animais que teñen reprodución sexual e todas culturas humanas reproducen una serie de condutas semellantes: *cortexo, intimidade e actividade sexual*. As relacións sexuais poden incluír: *Caricias, sexo oral e coito (axuntamento carnal do home coa muller)*. Todas relacións sexuais deben incluír respecto, senón son agresións.

A Igrexa promulgou que desde Eva a tríada das tentacións do home eran: *O mundo, o demonio e a carne*; a muller representaba a terceira. As ensinanzas da igrexa sempre foron que o sexo era máis forte có home e para pór lle “*remedium concupiscentiae*” a moral católica puxo o matrimonio. Para algún iso é unha instrumentalización da muller.

O clero, nos primeiros séculos do cristianismo, casaba: despois co celibato amancebábase e logo solucionaban as súas necesidades como podían porque ningún crego está capado. As historias de amor están cheas de traicións, infelicidades e algunhas son verdadeiramente cómicas.

En Escudeiros circulaba o dito “*ama de cura puta segura*”, pero non se pode aparcar na xeneralidade. Ao Don Miguel levantouno a señora Dorinda en FUTERE. Ademais tiña unha criada da zona de Sande, a Isaura, que non lle era fiel. Aproveitaba as ausencias do crego para meter o Coello na rectoral

O don Pepe, máis paisano e natural no sexto, levaba as relacións coa súa ama, a señora Concha con naturalidade e algo de estropicio. Indo para os oficios á igrexa do Val, en pasando pola Chaira, o Xosé Anxelo, despois do saúdo, díxolle: -*Voulle decir unha cousa Don Pepe.*- “*Dos cregos que houbo foi a vostede a quen máis respetei, foi o único o que non lle botei a criada.*”. A resposta do crego foi: -*A esta xa botei eu, así que non queda ningunha sen botar*-. Nunha visita da Euloxia a sancristía o crego buscou armonía co contraste: -*Mire Euloxia, Deus deume un só ollo, pero mire aquí que riqueza*-. A muller saíu escopetada, deixando ao cura empuñando a súa presentación.

O señor Antonio Cerillas decidiu ir vender unha toura á feira do Val. Xa levaba o prezo pensado desde a casa.

Nada máis pór o pé na feira achegouselle un tratante inquirindo o prezo do animal. O señor Antonio pidiulle o que levaba pensado e o tratante rematou o trato: -“trato feito”- dentro dunha miguiña veño coller o animal. No tempo da custodia o home remexía a cabeza e matinaba se o prezo pedido fora escaso.

Cando chegou o tratante para levar a res o señor Antonio, apretando os beizos e fruncindo o ceño, díxolle... pero a vaca ten..., a vaca ten.... Que ten a vaca preguntou o comprador ?. O señor Antonio seguía: ...pero a vaca ten..., a vaca ten... Que ten a vaca inquiriu de novo o tratante?. O señor Antonio coa mesma letanía e asintindo coa cabeza a cada silencio do seu monólogo: ...pero a vaca ten, a vaca ten.... Enrabexado o tratante e erguendo a voz voltoulle a preguntar: que ten a vaca?. O señor Antonio repetía letanía...pero a vaca ten, a vaca ten... Rabiado o vaqueiro díxolle: “ Xa non lla quero”.

Rematada a feira o señor Antonio dixo a vaca ten que ir para casa.

11 TROCO DE SITUACIONES... TOMA !

Co Concordato de 1.851, durante o reinado de Isabel II a igrexa recuperara gran parte do seu poder económico. Naquel entón, coma nas distintas monarquías, era un dito certo “ As pedras da igrexa ouro gotexan”.

Coa chegada da II República, a Constitución do 1.931 no seu artigo III decía: “España non ten relixión oficial”, no seu artigo 26 prohibía “Os colexios das ordes relixiosas”, no artigo 27 “secularizaba os cimiterios e no artigo 41 falaba do divorcio , que se consolidou en Lei no 1.932.

En 1.933 saíu a Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas. O papa Pío XI na encíclica “Dilectísima Nobis” condenaba o espírito anticristiano do réxime español, pero o peor foi cando o goberno radical-cedista diu a batalla política centrada nos haberes do clero que debían ser suprimidos no 1.934 e que deixaría aos párrocos máis pobres (rurais) sin ingresos. O Goberno aprobou un Proxecto de Lei polo que os cleros que traballaban en parroquias de menos de 3.000 habitantes e tiñan máis de 40 anos en 1.931 recibirían “2/3 do seu soldo de 1.931.

O crego de Escudeiros, don Miguel Lorenzo Rozados, que o era desde 1.919, chamou a asamblea aos parroquianos nas escadas do atrio, para buscar unha solución económica ao seu novo status que non lle causara mingua nos seus ingresos. Despois de varias intervencións tomou a palabra o señor Catarrana e propúxolle unha solución: -“Señor Abade, vostede é sólo e eu teño media ducia de fillos. Vostede colle o meu capital e eu fágome cargo dos seus dextros, que lle parece?”- O crego fuxiu con repetidos toma! Nos beizos. Igualar a igrexa co pobo... A falta de diálogo e de comprensión levou máis tarde a Guerra Incivil que na zona sublevada lle chamaban a “ Guerra Santa” ou “Santa Cruzada”.

12 A MORTE DO XEFE CARLISTA, MATEO GUILLADE

*Quen foi Mateo Guillade ?.-*Aída falla por precisar a xuventude e a primeira mocidade de Mateo Guillade. Parece que foi un exseminarista. O profesor Barreiro Fernández apunta que foi oficial do exército realista e con posterioridade, sen que se coñezan as razón, destituírono. Tampouco se sabe nada da súa detención en Portugal de onde consegue fuxir e presentarse ao Presidente da Xunta Carlista de Galicia, Arcediano de Melide, que lle concede o mando desta zona.

O líder guerrilleiro faccioso localízase no 1.836 no sur da provincia lucense. Despois de fuxir das terras da Ulloa e da Ribeira Sacra pola presión das tropas da rexente M^a Cristina, a partida, comandada por el, combateu aos liberais no sur de Pontevedra e na provincia de Ourense.

Guillade é unha mestura de heroe, fanático, bandoleiro e faccioso. Acadou o seu máximo pretixio entre 1.837-1.838 polas súas arriscadas acción que traían en vilo ao exército isabelino. Deulle norte en combate ao coronel don Gregorio Blanco en xullo do 1.837 e tomou Tui o 2 de abril de 1.838 con 200 homes que mediante engano entraron na cidade vestidos de soldados isabelinos, ocuparon a cidade varias horas cometendo pillaxe. As espectaculares acción díronlle os grados de Brigadier e Comandante Xeneral das partidas carlistas en Galiza. Os labregos galegos, ao contrario que os vascos e navarros non axudaron ao carlismo. Na nobreza , o conde de Guizamonde, foi quen máis os axudou. A súa muller tiña un taller de costura e inventou o distintivo carlista, a boina vermella,: tiña pazos nas terras do Ribeiro, Meréns e Poulo.

Traición e morte de Mateo Guillade en Escudeiros.- No comenzo de agosto de 1.838 os cazadores de Monterrei, ao mando de Marquina, percorreron a fronteira portuguesa por Melgazo e Castro Leboeiro, segundo plan trazado polo coronel marqués de Astariz. Unha parte das forzas operaron por Pontevedra, outra por Trado, axudadas por algunhas forzas de Cortegada. Os carlistas que estaban nas Chairas do Val foron por Escudeiros para pasar o río Arnoia. Era o 15 de agosto. O mesoneiro Garavello especificoulles o camiño a seguir recibindo un peso en prata. Logo chegaron os liberais preguntando pola partida, o Garavello ensinoulles o peso en prata e recibiu dous, conducíndos por un atallo. A refrega tivo lugar nas Augas Chocas. Nos primeiros disparos caeu morto Guillade. Tiveron os carlistas outros nove mortos, entre eles un oficial coñecido por o fiilo de doña Manuela Castro de Valongo e perderon 24 cabalos. Entre os mortos liberais figuraba un capitán portugués.

A vingadora estupidez humana.- O cadáver de Guillade, din que levaba o uniforme dun empregado de correos de Tui, foi levado a Refoxos e de aquí a Celanova e por orde do marqués de Astariz a Ourense. Na capital foi exposto na Horta do Concello, como se acostumaba a facer cos bandidos mortos. O 16 de agosto era a festa do San Roque. Acordouse iluminación, repique de campás, saída de xigantes e gaiteiros. Informa Don Ramón Otero Pedrayo que a acta rexistra como o xefe político dispuxo que as autoridades saíran a agardar ás forzas de Monterrei e que os ediles concordaran que fora oficial e público o corte do pescozo ao cadáver. Pidíronlle os instrumentos precisos ao ciruxán do hospital, don Manuel Conde. Houbo banquete e discurso. Unha vez degolado o cadáver a cabeza ficou nun gancho no Polvorín, onde se facían os aforcamentos.

A memoria pía.- Durante moito tempo a xente e os rapaces que pasaban polas Augas Chocas tiraban unha pedriña e rezaban un “Pai Noso” pola alma do Guillade.

En Escudeiros a carón das fontes construíron tres lavadeiros públicos: A Levada, a Fontaiña e a Cagalla que eran usados pola metade do pobo. Outros veciños resolveron o problema facendo pías ou lavadeiros a carón dos pozos das vivendas.

Como sociedade do seu tempo e rural os traballos de homes e de mulleres estaban delimitados e non se transgredían a non ser por enfermidade, emigración ou outra circunstancia. As mulleres levaban o traballo da casa, merca de alimentos na tenda, lavado da roupa e tripas dos porcos, coidado dos tacos... Os homes tiñan como seus a sega, o arado, ir aos toxos, a poda, a rodriga... O problema dábase na solteiría para algún traballos como lavar a roupa.

O Xoán Maruxo, algo dificultoso na audición ,vivía só. Era traballador e aforrador. Mesmo nas cousas do sexo aforraba un peso poñéndose por baixo, pero lavar a roupa era transgredir o rol machil. Ideou ir lavar de noite á Levada e para non dar que falar ao remate da faena abríalle o burato ao lavadeiro.

Entre as mulleres da Chaira houbo roces porque cando ían lavar de mañán non había auga na pía e iso que as últimas lavandeiras do sol por aseguraban que pechaban o lavadeiro cun carozo envolto nunha tea para que non perdesse. Ante reiteradas situación deste tipo as mulleres montaron vixancia no lavadeiro pola noite. Nunha das velas viron aparecer ao Xoán cunha tina de roupa e pórse á faena. Rematada voltou deixar a pía aberta e limpa para evitar sospeitas. Entón saíron as mulleres afeándolle o feito. O Xoán decíalle : “-Non vos oio nada tedes que perdoar”. Cada vez que lle repetían o feito o home seguía dicindo :”-Non che oio nada- “

14 GUERRA DE POBOS PAZ DE POBOS

Eis os de Escudeiros!, Eis os de Poulo!... Eran gritos que resoaban das gorxas das mocedades dos pobos limítrofes durante a Ditadura Franquista nas liortas dos partidos de fútbol, nalgunha festa ou na defensa do que consideraban propio.

O franquismo ós montes Comunais dáballe o nome de montes de Utilidade Pública, que titelaba. O réxime estableceu gardas de montes, gardas de pitas e toda una rede nespótica na que situaba a falanxistas ou persoas afíns.

O enconamento entre Poulo e Escudeiros escomenzou polo camino que ía ao Val. Chegaron a pechalo á altura das Cortiñas de Poulo. A sebe case semidistruíu unha mámoa. Pola noite os do pobo desfacían o traballo do día, deixando expedito o camino.

Escomenzaron as denuncias que trasladaron a rozadas do estrume e ao pastoreo. A parella forestal instruía os expedentes de denuncia, facía as

delixencia o concello de Gomesende e ditaba providencia o Inxeniero Xefe de Montes.

No 1.950 foron denunciadas por pastoreo: María Vázquez Alonso a que lle impuxeron unha multa de 60 pesetas e unha indenización de 30 pesetas, Pilar Alvarez a que lle impuxeron unha multa de 50 pesetas e unha indenización de 15 pesetas, Ramón Yáñez Barreiro ao que se lle impuxo unha multa de 60 pesetas e 30 pesetas de indenización e Euloxia Yáñez a que se lle impuxo unha multa de 55 pesetas e unha indenización de 27,50 pesetas.

No 1.951 foron denunciados por rozar toxos, a carón dos Pozos da Chaira, Arturo Vázquez ao que se multou con 50 pesetas e esixiuselle unha indenización de 25 pesetas e Ramón Yáñez Barreiro ao que se lle impuxo unha multa e indemnización da mesma cuantía.

Os avatares do tempo, as relacións interpersoais e os novos acontecementos políticos abriron novos espazos de convivencia e de diálogo. O Xosé Antón e o Carlos asesoraron ao vecindario da parroquia limítrofe para a catalogación dos Montes Comúns. O 23 de outubro de 2015 o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Man Común de Ourense, tras conciliación das Comunidades de Montes aprobou o deslinde entre Escudeiros e Poulo. Novos tempos, paz de pobos.

15 O MÉDICO DA RAÍÑA DE PORTUGAL

En Escudeiros sempre se lle tivo un aquel de recoñecemento e agradecemento aos médicos: A Manolita e o Abelardo xubilados, a actual alcaldesa de Ramirá, a Isabel e o Chelis constitúen o elenco profesional moderno da localidade.

En datas máis antigas hai que destacar a Mauro Antonio Estévez de Espinoza, primeira metade do século XVIII, que chegou a ser un dos médicos da raíña portuguesa, María Ana de Austria, que casara con Xoán V o Magnánimo. Mauro era fillo lexítimo de Paulo Estévez de Espinoza e de Beatriz Nóvoa de Espinoza e neto paterno de Rodrigo Estévez de Espinoza e de Jacinta Monteiro da parroquia de Escudeiros e neto materno de Antón Nóvoa e de Bernarda Araujo, naturais de Ourense.

Mauro Antonio Estévez de Espinoza estudou na universidade de Coímbra onde había un Regulamento de Médicos e Boticarios Cristianos Velloso polo que se determinaba que para o ben común dos Reinos houbera sempre na

Universidade de Coimbra “trinta estudantes”, cristianos vellos, de boas partes e calidades que estudasen medicina e ciruxía, non habían de ser nin xudeos, nin mouros nen ter doenzas contaxiosas.

Os xudeos de Ourense e Pontevedra, perante os séculos XVI, XVII e XVIII, mantivéronse indistintamente entre Galiza e Portugal, fixando a súa residencia no aquín ou alén, segundo arreciaba a malquerencia dos denunciadores ou as determinacións dos reinos de Portugal ou de Castela.

En 1.726 o Retor da Universidade de Coimbra requiriu información do estudante escudeirán, Mauro Antonio Estévez de Espinoza natural de San Xoán de Escudeiros. Despacháronse as inquisicións para Lisboa e Melgac, o-esta por ser a poboación portuguesa máis próxima de San Xoán de Escudeiros, da que dista apenas tres leguas: aquela porque nela residia algún coetáneo do requirente. Os de Lisboa pouco adelantaron pero o proceso de Melgac, o si. Nel foron testemuñas Alvaro Martín, clérigo morador na freguesía de Poulo que declarou coñecer á familia había uns trinta anos, sendo todos cristinos vellos e limpos de sangue, sen raza alguna de xudeus, nin mouros nin mulatos, nin de cristianos novos convertidos. Corroboraron a tetemuña Lourenzo Vazquez de Vergara, tamén residente en Poulo e Diego Rodríguez natural de Escudeiros.

Mauro Antonio cumplimentou a carreira e no desenrolo da mesma, serviu entre outros, á Coroa portuguesa que de aquela tiña un presuposto para médicos de Cámara de 189.500 reais, para Ciruxanos de Cámara 37.500 reais e para sangueadores outros 37500 reais.

O mentado médico sempre lle tivo un grande apego ao pobo. Mesmo quixo construír una igrexa nova na finca do Marcelo na Chaira, que por imponderables quedou sen construír. Mandou varias alfaias para igrexa parroquial (Algunhas quedaron con elas na igrexa de Padrenda).

Algún investigador alemán relaciónna este médico coa rama descendente da familia do filósofo Espinoza (i.632-1677). O pai do pensador viviu entre Ourense e Videferre, denantes de trasladarse a Amsterdam

Corría o ano de 1.960 cando o Xosé Anxelo decidiu facer casa propia. Denantes vivía nunha esquina da casa do Sr. Angel. A nova construción ergueuse na antiga casa da señora Manuela, que el mercara. Chamou de albaneis ao Lino de Marnotos e o Floreano de San Lourenzo que traían de aprendiz ao Antonio vaquero de Cerdal. Bos e ledos artistas que foron derrumbando a casa vella e ergueron novas paredes de ladrillo.

O Floreano era moi serio, crédulo e asubiaba moi ben as cancións da época. Ata a obra achegábase, con frecuencia, o Fermín, daquela socio do Xosé. Entre eles, na trastenda, ordearon cura de Poulo o Cesáreo e comunicáronllo ao de Soutomel

Un bo día presentouse na obra o do Roucón. Cando marchou o Xosé e o Fermín puxéronse a parolar da mala sorte que tivera o Cesáreo que de cura en Poulo o perder o carisma sacerdotal pasara a ser un agricultor solteiro e abandonado. O Floreano preguntou por qué deixara os hábitos. O unísono os socios replicaron –Poque o bispo expulsouno por ter vendido parte dos dextros. A crenza inzou no de San Lourenzo e, día si e día non, o Cesáreo achegábase á Chaira e dáballe a bicar a man ao albanel.

A trama chegou ata molinera de Cerdal rexida polo Lourenzo e xa avisado do dogma. Houbo polémicas e mesmo alianza entre o Floreano e o Muiñeiro defendendo a "verdade" do antigo crego. Durante a obra a alongada e costrosa man do Cesáreo era bicada con piedade polo albanel.

Rematada a casa, alguén desmontou o contubernio e o Floreano deixou de falrllle ao Xosé